



**FESTAS
PATRONAIS
MONFORTE
DE LEMOS**

Do 11 ó 16 de agosto

2023

Na honra á Virxe de Montserrat

CONTIDO

Páxina 3	Saúdo do Alcalde
Páxina 4	Programa das festas
Páxina 18	Actividades culturais –Verán 23
Páxina 24	Competicións deportivas –Verán 23
Páxina 25	Colaboracións
Páxina 38	Plano da cidade
Páxina 39	Teléfonos de interese

Ficha técnica

PROGRAMA DE FESTAS CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Coordinación

- Concello de Monforte de Lemos

Cartel das festas

- Rubén Lucas García

Fotografías

-Concello de Monforte de Lemos

-Jesús Rodríguez Montero

Colaboracións

- Pablo Blanco Losada

- Luis Conde

- José Antonio Quiroga Díaz

- Luis Díaz e Paco Albo

- José Luis Cachafeiro Vila

- Felipe Aira Pardo

Deseño Gráfico

- Imprenta Chuzos

www.monfortedelemos.es

Estimados veciños, estimadas veciñas:

En primeiro lugar, quero agradecer a todos os monfortinos e monfortinas o seu apoio maioritario nas pasadas eleccións municipais, o que me permite seguir traballando para mellorar o noso Concello.

Monforte de Lemos celebra no mes de agosto as súas Festas Patronais, dando así cumprimento ó compromiso que como Alcalde teño co mantemento das tradicións monfortinas, un compromiso firme e decidido que manteño ano a ano.

Os actos de honra á Patroa a nosa Señora Virxe de Montserrat, as Festas que merece Monforte ou os Fogos do río Cabe, son os meus compromisos irrenunciabes con todos os monfortinos e con todos aqueles que nos visitan no período estival.

Aproveito estas páxinas do programa das Festas Patronais 2023 para trasladarvos a todos e a todas o meu afectuoso saúdo e convidovos a que participedes e gocedes de todas as actividades que deseñamos, xa que vós sodes os auténticos protagonistas das nosas Festas Patronais.

Un dos meus obxectivos dende que son Alcalde, hai máis de 8 anos, foi recuperar o prestixio e a sona das nosas Festas Patronais e creo que, ano a ano, o fomos conseguindo. O 2023 non vai ser menos, estou seguro de que volveremos ser un referente dentro da Ribeira Sacra, no resto de Galicia, e no noroeste peninsular, superándonos un ano máis.

O pregón e o concerto inaugural terán lugar o venres 11 de agosto, e do 12 ó 16, continuaremos cun senfin de actividades e concertos que configuran o espectacular programa que dende o Equipo de Goberno vimos facendo dende que chegamos ao goberno municipal. Un programa que conta cunha variedade musical e artística que quere satisfacer a públicos moi diferentes tanto en idades como en gustos musicais.

Estou convencido de que o Programa deste ano converterá ás nosas Festas no maior atractivo turístico do sur da provincia de Lugo e da Ribeira Sacra en todo o mes de agosto.

Neste ano 2023, como vimos organizando dende que eu son Alcalde, haberá un concerto gratuito a cargo de artistas de renome nacional e internacional cada un dos 6 días de celebración dos festexos, todos eles acompañados de orquestras, que farán un previo e un posterior peche das actuacións.

Tampouco nos esquecemos, á hora de deseñar este programa, de contar coa presenza destacada de músicos de Monforte e da comarca, que serán protagonistas tanto nas Festas Patronais como en toda a programación cultural de verán.

Con este programa das Patronais de 2023 queremos que as Festas de Monforte teñan variedade, calidade musical e cultural, que sexan do agrado dos nosos veciños e que o público que nos visite estes días quede cun bo sabor de boca para repetir os vindeiros anos.

Desexo que as nosas Festas e a nosa cidade brillen con luz propia estes días para o gozo de todos os monfortinos e tamén espero que sexan do agrado de todos os que nos visiten para que poidamos gozar delas todos xuntos.

Dende aquí ánimovos a que participedes nos diferentes actos programados e que aproveitedes as Festas para vivir momentos únicos coa vosa familia e cos vosos amigos.

Unha aperta e Felices Festas Patronais 2023!



JOSÉ TOMÉ ROCA
ALCALDE DE MONFORTE DE LEMOS

11 de agosto
VENRES



20:30 h PREGÓN DAS FESTAS PATRONAIS - 2023

Na Casa do Concello de Monforte de Lemos dará o pregón das Festas Patronais do ano 2023 o **XUIZ** e expresidente da Audiencia Provincial de Lugo o monfortino **Edgar Amando Cloos Fernández**.



21:00 h LANZAMENTO DO FOGUETE que anuncia o inicio das Festas dende o Campo de Santo Antonio.

21:00 h INAUGURACIÓN DA ILUMINACIÓN ARTÍSTICA

21:30 h BAILE-CONCERTO DA BANDA DE ACORDEÓNS O FOLIÓN

Na praza de España a **Banda de Acordeóns O FOLIÓN da Asociación Cultural Xogrades de Lemos** amenizará un Baile-Concerto dedicado ás persoas ás que lles guste bailar coas músicas de sempre.



00:00 h CONCERTO DE LUCÍA PÉREZ

No escenario principal da praza da Compañía actuará **Lucía Pérez** que nos ofrecerá un concerto no que interpretará cancións que se fixeron populares nos seus discos así como outros temas coñecidos do folclore galego.

02:00 h CONCERTO DE MALENNE

O grupo monfortino **Malenne** dará continuación ó primeiro día de festa dende as 2:00 ata ás 3:30 da madrugada no palco colocado para o efecto na Praza da Compañía.



12 de agosto
SÁBADO



13:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

ARA Andrea Ríos /Acrobacias aéreas e danza

Na praza de España **ARA** realizará un espectáculo de circo contemporáneo que fusiona as linguaxes do teatro e da danza xunto coas técnicas de acrobacia aérea (multicordas e suspensión capilar). Neste espectáculo, para todos os públicos, combínanse diferentes técnicas artísticas como teatro xestual, danza e acrobacias aéreas.



19:30 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

ARA Andrea Ríos /Acrobacia aéreas e danza

De novo **ARA** na praza de España faranos gozar cunha experiencia sensorial entre a forza feminina, o voo e a poesía do movemento.

20:30 h GRUPO DE BATUCADA CREATIVA

O **Grupo de Batucada Creativa de Monforte de Lemos** amenizará cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende o barrio do Val de Lemos ata o centro da cidade.



**23:00 h CONCERTO
ORQUESTRA DE SAXOS DE REDONDELA**

na praza de España ás 23:00h.

23:00 h CONCERTO

O grupo monfortino **DELOREANS** iniciará as actuacións musicais da praza da Compañía ás 23:00h.



12 de agosto
SÁBADO

00:00 h CONCERTO

Na praza da Compañía terá lugar o concerto de
MIKEL ERETXUN.



01:30 h CONCERTO

Na praza da Compañía concerto do grupo
GIN TONI 'S.



13 de agosto
DOMINGO

12:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

LOLA MENTO /Maxia e comedia.

Na rúa do Cardeal teremos nesta mañá maxia e comedia coa compañía **Lola Mento** co seu espectáculo **Lolamentado**, espectáculo “polipatético” de maxia, humor e improvisación para todos os públicos.



13:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

PEPES SHOW /Clown, monicreques e acrobacias.

Na praza de España **Pepes Show** representará o seu espectáculo **Surprise**. Unha caixa misteriosa chea de sorpresas está a punto de estourar liberando dúas particulares personaxes, as cales aproveitarán este peculiar suceso para enredar co público e facelo participe das máis divertidas e aloucadadas situacións.

19:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

PEPES SHOW /Clown, monicreques e acrobacias.

Pepes Show deleitaranos de novo na praza de España coa representación do seu espectáculo **Surprise**.



20:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

LOLA MENTO /Maxia e comedia.



Na praza de España ás 20:00h actuará **Lola Mento**, maga, actriz e show woman polipatética que utiliza a súa comicidade e a súa pouca vergoña para unha comunicación potente e directa co público, sempre diferente e única.

20:30 h OS KOGRARES DE LEMOS

O **Grupo de Pandeireteiras Os Kogrades de Lemos** amenizará cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende o barrio da Estación ata o centro da cidade.

13 de agosto
DOMINGO



www.america.gal

22:30 h VERBENA

Na praza da Compañía co
GRUPO AMÉRICA DE VIGO.

23:00 h CONCERTO

Na praza de España realizará un concerto a
**ORQUESTRA DE MÚSICA DO CONSERVATORIO MESTRE
IBÁÑEZ DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**



00:00 h CONCERTO

Na praza da Compañía a orquestra espectáculo
PANORAMA
realizará a primeira parte do concerto desta noite festiva.

02:00 h VERBENA

Continuación da verbena co **GRUPO AMÉRICA DE VIGO** na praza da Compañía.

03:15 h CONCERTO

Segunda parte do concerto na praza da Compañía,
a orquestra espectáculo

PANORAMA

rematará esta noite musical.



14 de agosto
LUNS



12:00 h O GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO sairá dende a praza de España e tocará alboradas polo centro da cidade. Estará acompañado por **XIGANTES E CABEZUDOS** para o gozo dos máis pequenos.



13:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: BARAFUNDA /Globoflexia e clown.

Na praza de España a compañía **Barafunda** ás 13:00h representará o seu espectáculo **Lolo Globotolo** que fará as delicias dos máis pequenos e sorprenderá ós máis grandes. Figuras imposibles con globos darán lugar aos gags máis divertidos.

20:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: BARAFUNDA /Globoflexia e clown.

Na praza de España **Barafunda** ás 20:00h poñerá es escena un espectáculo dende unha perspectiva cómica e interactiva en que o público se sentirá parte integrante. Este espectáculo é todo un divertimento familiar, cunha posta en escena onde a ilusión do clown se mestura nun cóctel de risa e gargalladas.



20:30 h PANDEIRETEIRAS

A **Asociación Cultural Amigos da Pandeireta de Monforte** amenizará a tarde desta xornada festiva dende o barrio de Santo Antonio ata o centro da cidade.

23:00 h CONCERTO DO GRUPO / GALLAECIA BIG BAND


Na praza de España actuará o grupo **Gallaecia Big Band**. Banda composta por 15 artistas e dirixida por Cristian Leggiéro que pretende devolver ó público ós tempos das grandes Big Bands, cun repertorio internacional dende Cole Porter, Frank Sinatra e os mambos de Pérez Prado.



14 de agosto
LUNS

23:00 h VERBENA

Na praza da Compañía coa orquestra
GALILEA.



00:00 h CONCERTO

Na praza da Compañía concerto de
ANTONIO JOSÉ.



01:30 h VERBENA

Continuación da verbena na praza da Compañía coa orquestra
GALILEA.

15 de agosto
MARTES

10:00 h LANZAMIENTO DE 21 BOMBAS DE PALENQUE

O lanzamento de 21 bombas de palenque anunciará o día grande das Festas Patronais.

10:00 h DÍA DA PATROA



Na praza de Santo Antonio, xunto á Casa do Concello, reuniranse todas as persoas que queiran participar na **Homenaxe á Patroa do Val de Lemos**, a Virxe de Montserrat. Ás 10:30 h o alcalde e a comitiva institucional acompañados da Banda de Gaitas e do Grupo de Baile Tradicional do Concello de Monforte de Lemos sairán cara á



igreja da Régoa onde se realizará a Ofrenda Floral á Patroa da cidade.



11:00 h MISA E OFRENDA FLORAL Á VIRXE DE MONTSERRAT.

Misa na igrexa da Régoa na honra á Virxe de Montserrat cantada pola Coral Polifónica do Concello de Monforte de Lemos. Á saída actuará o Grupo de Baile Tradicional xunto coa Banda de Gaitas do Concello de Monforte de Lemos. O Alcalde, autoridades e asistentes ao acto farán a Ofrenda Floral á Virxe de Montserrat.



DÍA DO GAITEIRO

O Concello de Monforte pretende no Día do Gaiteiro amosar e dignificar a riqueza cultural galega a través das súas diferentes expresións. Cuartetos, quintetos, sextetos e cantos de cego populares amosarán a enorme variedade musical de estilos e instrumentos.

11:00 h ALBORADAS CON GRUPOS DE GAITEIROS

Grupos de gaiteiros sairán dende a praza de España por diferentes rúas da cidade facendo alboradas e rematarán no centro da cidade ás 13:00 h.



15 de agosto
MARTES

Participantes:

- **REDEGAITA** - Quinteto Ourense
- **LEMAVOS 1** – Quinteto Monforte de Lemos
- **O CEGO DA VENEIRA** - Cantos de Cego A Pobra do Brollón
- **OS XOGRARES** – Sexteto Monforte de Lemos
- **MERENZA O** – Quinteto Monforte de Lemos
- **LEMAVOS 2** – Quinteto Monforte de Lemos



13:00 h CONCENTRACIÓN DOS GRUPOS TRADICIONAIS

No centro urbano de Monforte os grupos tradicionais participantes no DÍA DO GAITEIRO divulgarán as súas músicas ata as 15:00 h.

20:15 h PASACALLE

Dos grupos participantes na **Mostra de Danza e Música Tradicional** dende o campo da Compañía ata a praza de España.



20:30 h MOSTRA DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL

Na praza de España coa actuación de:

- **O CEGO DA VENEIRA DA POBRA DO BROLLÓN**
- **GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO DE MONFORTE**
- **ESCOLA DE DANZA DO CONCELLO DE MONFORTE**
- **ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA PANDEIRETA DE MONFORTE**
- **AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA LEMAVOS**



20:30 h GRUPO DE BATUCADA BATURRUC A

O **Grupo Baturruca de Monforte de Lemos** amenizará cun pasacalle a tarde desta xornada festiva dende o barrio da Pinguela-Carude ata o centro da cidade.



15 de agosto
MARTES



23:00 h VERBENA

Na praza da Compañía coa actuación do grupo **TEKILA**.

23:30 h BARCAS ENGANANADAS

No malecón do río Cabe farase un percorrido de barcas tradicionais engalanadas.

A actividade, a cargo da Club de Piragüismo Quixós, conta coa colaboración da Escola Municipal de Gaita e Percusión e da agrupación Os Xogrades de Lemos e ten como fin a recuperación desta fermosa tradición local. Ao remate do paseo verase dende o río a tirada de fogos de aire.



00:00 h FOGOS ARTIFICIAIS DE AIRE

Dende o monte de San Vicente sesión de fogos de artificio.



00:30 h CONCERTO

Na praza da Compañía concerto de **TANXUGUEIRAS**.

02:00 h VERBENA

Continuación da verbena co grupo **TEKILA** na praza da Compañía.



16 de agosto
MÉRCORES

**12:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:
O MAGO PACO /Maxia e clown.**

Na rúa do Cardeal teremos nesta mañá maxia e clown con **O Mago Paco** e o seu espectáculo **Ledicias 2.0**. Xogos, participación e moito humor sorprenderán tanto a nenos e nenas como a maiores co seu peculiar estilo.



**13:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:
N+1 / Acrobacias aéreas, danza e clown.**

Na praza de España a compañía **N+1** representará **Cuacuac** ás 13:00 h. Ser diferente aos demais non debe ser motivo de vergoña e moito menos un impedimento para alcanzar os nosos obxectivos. Cando estas diverxencias se instalan tinguidas pola intransixencia convértense en cargas e xorde unha gran dificultade para identificalas, para identificarnos.

**19:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:
MAGO PACO /Maxia e clown.**

Na rúa do Cardeal ás 19:00 h o **Mago Paco** deleitaranos co espectáculo **Ledicias 2.0**. Maxia divertida e participativa son as premisas desta nova adaptación que está pensada para que as familias poidan gozar dun momento único e que lembrarán por moito tempo. Mergúllate no mundo máxico da ilusión e da fantasía e volve divertirse coma un neno.



**20:00 h IX FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:
N+1 / Acrobacias aéreas, danza e clown.**

Na praza de España e dende as 20:00h actuará **N+1** co seu espectáculo **Cuacuac**. Este pallaso, torpe e caótico, presenta mediante a danza, a manipulación de obxectos malabares e a acrobacia aérea unha personaxe con grandes dificultades para facer o que se espera dela. No desenvolvemento da actuación navegará xunto aos espectadores por un mar de emocións soltando amarras, onde as súas debilidades se transforman en fortalezas.

20:30 h GRUPO DE BATUCADA OS XOGRARES DE LEMOS

O **Grupo Batucada Os Xogrades de Lemos** amenizará cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende o barrio dos Chaos ata o centro da cidade.

16 de agosto
MÉRCORES

RITMO JOVEN



23:00 h VERBENA

Na praza da Compañía
coa actuación da orquestra
RITMO JOVEN.

00:00 h FOGOS ARTIFICIAIS DE AUGA

Dende o Paseo do Malecón sesión de fogos de auga.

00:30 h CONCERTO

Na praza da Compañía actuación de
LUZ CASAL.



02:00 h VERBENA

Continuación da verbena coa orquestra
RITMO JOVEN na praza da Compañía.



DÍA DO GAITEIRO 15 de agosto

11:00 h. Dende a praza de España Grupos de Gaiteiros percorreren diferentes rúas da cidade facendo alboradas.

GRUPOS PARTICIPANTES POLA MAÑÁ :

O CEGO DA VENEIRA Cantos de Cego A Pobra do Brollón Zona centro cidade
OS XOGRARES Sexteto Monforte de Lemos Barrios e rúas da Florida, Malvarón, Os Chaos
LEMAVOS 1 Quinteto Monforte de Lemos Barrios e rúas da Estación-Rioseco, San Pedro
ÉRBEDO Quinteto Monforte de Lemos Barrios e rúas dos Abeledos-Ramberde, Corredoira, Hortas
MERENZAO Quinteto Monforte de Lemos Barrios e rúas do centro da cidade, R. Baamonde, Conde, Avda. Galicia
LEMAVOS 2 Quinteto Monforte de Lemos Barrios e rúas de Carud-Reboredo, Compañía
REDEGAITA Quinteto Ourense Barrios e rúas de Cobas, Santo Antonio, r. Ourense, r. Chantada

14:00 h Concentración dos grupos tradicionais no centro urbano de Monforte onde divulgarán as súas músicas ata as 15:00 h.

OS XOGRARES sexteto Monforte de Lemos –praza dos Chaos
LEMAVOS 1 quinteto Monforte de Lemos –praza D. Goyanes
O CEGO DA VENEIRA cantos de cego A Pobra do Brollón –centro cidade
ÉRBEDO quinteto Monforte de Lemos –rúa Hermida Balado
REDEGAITA quinteto Ourense –praza de España
LEMAVOS 2 Quinteto Monforte de Lemos –rúa do cardeal
MERENZAO quinteto Monforte de Lemos –praza de Abastos



20:15 h **PASACALLE** dos grupos participantes na **Mostra de Danza e Música Tradicional** dende o campo da Compañía ata a praza de España



20:30 h **MOSTRA DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL** na praza de España.


O CEGO DA VENEIRA A Pobra do Brollón
GRUPO DE GAITAS Concello de Monforte de Lemos
ESCOLA DE DANZA TRADICIONAL Concello de Monforte de Lemos
FERNANDO ESTÉVEZ RODRÍGUEZ gaitero solista
ASOC. CULTURAL AMIGOS DA PANDEIRETA Monforte de Lemos
AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA LEMAVOS Monforte de Lemos

30/6 Ó 2/07

FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA DE MONFORTE DE LEMOS

PASEO DO MALECÓN

ORGANIZA: CONCELLO MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



PASEOS EN BARCA POLO RÍO CABE

DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PODERANSE ALUGAR BARCAS DE PASEO NO EMBARCADOIRO DO PARQUE DOS CONDES

BARCAS ENGANANADAS

15 DE AGOSTO ÁS 22:30 H RECUPERACIÓN DAS BARCAS ENGANANADAS E ILUMINADAS, TRADICIÓN DE MEDIADOS DO SÉCULO XX

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E CLUB DE PIRAGÜISMO QUIXÓS

DO 5 Ó 9/07

FANCINE DE LEMOS

FESTIVAL DE CINE FANTÁSTICO E DE TERROR DE MONFORTE

ORGANIZA: AMANITA ESTUDIO
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



DO 14/7 Ó 3/08

EXPOSICIÓN DE PINTURA “ÓLEOS”

DE JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

SALA DE EXPOSICIÓN DA CASA DA CULTURA POETA LOIS PEREIRO

14/07

RECITAL DA SOPRANO

SUSANA DE LORENZO

SALÓN DE ACTOS DA CASA DA CULTURA POETA LOIS PEREIRO ÁS 20:30 H

29/07

MONFORTE FUSIÓN 2023

21:30 H CHERRY SWEET

23:30 KIN GARCÍA QUINTET & ANTÍA MUIÑO

PRAZA DE ESPAÑA

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



DO 4 AO 09 /08

23ª MOSTRA ARTELE MOS

RÚA DO CARDEAL

MOSTRA DE ARTESANÍA TRADICIONAL E CONTEMPORÁNEA CON POSTOS DE ARTESANÍA, TALLERES AO VIVO E DEMOSTRACIÓNS.

OBRADOIROS INFANTÍS E INTERXERACIONAIS: BARRO, CESTERÍA, PINTURA E COIRO.

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DO 7 Ó 24/08

EXPOSICIÓN DE CARTEIS DO XXVIII CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEIS FESTAS PATRONAIS -2023

SALA DE EXPOSICIÓNS DA CASA DA CULTURA POETA LOIS PEREIRO

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DO 7 Ó 24/08

MOSTRA ITINERANTE "JUANA DE VEGA, CONDESA DE ESPOZ Y MINA (1805-1872): FACER DO SÉCULO"

Inauguración luns 7 de agosto ás 18:00h

SALA DE EXPOSICIÓNS DA CASA DA CULTURA POETA LOIS PEREIRO

ORGANIZA: FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

COLBORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



VENRES 04/08
FESTIVAL CARUDE ROCK
PRAZA DE CARUDE

ORGANIZA: FESTIVAL CARUDE ROCK
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

MÉRCORES 09/08
GALA DE MAXIA – MAGO RAFA, MAGO IAGO E EDU EL MAGO
CULTURA NO CAMIÑO 2023
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA E PATROCINA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E AGADIC DA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA
XUNTA DE GALICIA
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



XOVES 10/08
ACTUACIÓN DO GRUPO DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL DE
GALICIA XACARANDAIANA
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:00 H

ORGANIZA E PATROCINA: PROGRAMA AGADIC-XUNTA DE GALICIA
/DANZA3 NA RÚA
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



DO 11 AO 16/08
FESTAS PATRONAIS

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

VENRES 11/08
BAILE-CONCERTO BANDA DE ACORDEÓNS O FOLIÓN
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:30 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



SÁBADO 12/08

CONCERTO DA ORQUESTRA DE SAXOS DE REDONDELA

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 23:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



DOMINGO 13/08

CONCERTO DA ORQUESTRA DE MÚSICA DO CONSERVATORIO DE MÚSICA MESTRE IBÁÑEZ DE MONFORTE DE LEMOS

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 23:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



LUNS 14/08

**CONCERTO DE GALAECIA BIG BAND
CULTURA NO CAMIÑO 2023**

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 23:00 H

ORGANIZA E PATROCINA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E AGADIC DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

VENRES 18/08

CONCERTO DE OS XOGRARES DE LEMOS

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



DOMINGO 20/08

FESTA DA EMPANADA FESTA GASTRONÓMICA POPULAR

ÁREA DE RECREO DE RIBAS ALTAS

ORGANIZA: ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE RIBAS ALTAS
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

XULLO E AGOSTO

CURSOS DE VERÁN 2023 DE MÚSICA E DANZA CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CONSERVATORIO MUNICIPAL "MESTRE IBÁÑEZ" -EDIFICIO MULTIUSOS, EN HORARIO DE MAÑÁ



Cursos de Verán 2023
MÚSICA • DANZA

MÚSICA

- Academia Municipal de Música
- Clase de Piano
- Clase de Violín
- Clase de Saxofón
- Clase de Clarinete
- Clase de Flauta Doce
- Clase de Trompeta
- Clase de Trombón
- Clase de Gaita
- Clase de Percusión Moderna
- Clase de Percusión Tradicional Galega

DANZA

- Danza Tradicional Galega
- Danza Moderna
- Danza Clásica

Inscricións: na secretaria do conservatorio de Concello de Monforte en horario de mañá
Do 28 de Maio ao 28 de Agosto de 2023

Cada materia consta de unha hora de clase diaria. As clases serán en horario de mañá.

Prezo único 25 € por solicitude
Dúas materias a eleixir
www.monfortedelemos.co

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

MÚSICA:

AS MATERIAS DE INSTRUMENTO ESTÁN DIRIXIDAS A ALUMNOS/AS A PARTIR DE 6 ANOS DE IDADE E CONSTAN DE TALLERES DE PRÁCTICA INSTRUMENTAL EN ESPECIALIDADES DE GUITARRA, VIOLÍN, PIANO, SAXOFÓN, CLARINETE, FLAUTA DOCE E TRAVESA, TROMPETA, TROMBÓN, GAITA, PERCUSIÓN MODERNA (BATERÍA) E PERCUSIÓN TRADICIONAL GALEGA (PANDEIRETA, PANDEIRO, TAMBOR...).

DANZA:

A OFERTA DE DANZA NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES, ESTÁ DIRIXIDA A NENOS/AS E PERSOAS NOVAS A PARTIR DE 6 ANOS. HABERÁ TALLERES DE DANZA TRADICIONAL GALEGA, DANZA MODERNA E DANZA CLÁSICA.

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DO 23 AO 26/08

XXIV FEIRA DO LIBRO DE MONFORTE

RÚA DO CARDEAL



ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE E FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



DO 23 AO 30/08

CICLO CONCERTOS GRUPOS MONFORTINOS CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

MÉRCORES 23

22:30 H PRAZA DA ESTACIÓN **CERO 2 CERO**

00:00 H PRAZA DA ESTACIÓN **LOS GINETES DEL TRÓPICO**

XOVES 24

22:30 H PRAZA DA COMPAÑÍA **DINOSAURIOS**

00:00 H PRAZA DA COMPAÑÍA **DOC MAGOO'S**

LUNS 28

22:30 H PRAZA DA COMPAÑÍA **DÚO CONTRABAIXO E VOZ**

00:00 H PRAZA DA COMPAÑÍA **MOVILLA Y LOS IRREPETIBLES**



MARTES 29

22:30 H PRAZA DE ESPAÑA **GALGA BLUES BAND**
00:00 H PRAZA DE ESPAÑA **THE POET ´S SILENCE**

MÉRCORES 30

22:30 H PRAZA DA ESTACIÓN **BELLA CHAOS**
23:45 H PRAZA DA ESTACIÓN **VERA LYNN**
01:00 H PRAZA DA ESTACIÓN **EL TAROT DE TOTH**

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



DO 08 Ó 29/09

EXPOSICIÓN HOMENAXE "FOTO NUEVO"

SALA DE EXPOSICIÓN DA CASA DA CULTURA POETA LOIS PEREIRO

Inauguración: venres 8 de setembro ás 19:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



SÁBADO 2/09

XXII FESTIVAL DE HABANERAS CONCELLO DE MONFORTE

- CORO DE LA BODEGA DE CANDÁS, ASTURIAS
- CORAL POLIFÓNICA ESTRADENSE
- CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE



PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



SÁBADO 02/09

II ENCONTRO DE PALILLEIRAS DE MONFORTE DE LEMOS

EXPLANADA DA COMPAÑÍA DENDEAS 10:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



SÁBADO 02/09

FESTIVAL DO PARADISO

PARQUE DOS CONDES DENDEAS 20:00 H

ORGANIZA: ASOCIACIÓN NÁUFRAGOS DO PARADISO
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DOMINGO 03/09

KORNADA EUROPEA DA CULTURA XUDIÁ

VISITAS GUIADAS Á ZONA DE ÁMBITO XUDEU DE MONFORTE

11:30 e 18:00 h – Saídas dende a Oficina Municipal de Turismo/rúa Comercio 6

ORGANIZA: CONCELLO MONFORTE DE LEMOS E RED DE JUDERÍAS DE ESPAÑA



XOVES 21/09

FESTA DE SAN MATEO

FESTA POPULAR – PARROQUIA DA PARTE

ORGANIZA: COMISIÓN DE FESTAS DA PARROQUIA

COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS


COMPETICIÓNS DEPORTIVAS

CLUB-ENTIDADE	EVENTO	DATA	INSTALACIÓN - LOCALIZACIÓN
Club Ximnasia Rítmica Kendra	III Campus de verán de Ximnasia Rítmica	26 xuño - 7 de xullo	Pavillón CEIP A Gándara
Concello de Monforte de Lemos	Campamentos deportivos de verán	3 xullo - 14 agosto	Instalacións deportivas da Pinguela
Club Baloncesto Val de Lemos	VI Campus de Baloncesto	3 - 31 de xullo	Pavillón dos Institutos
C.P. Calasancio - R.C. Deportivo	Depor Campus - Monforte	10 - 14 de xullo	Instalacións Deportivas Alex Blanco - Escolapios Monforte
Club Fluvial	Campamentos de verán e cursos de natación	xullo e agosto	Instalacións do Club Fluvial de Monforte
Club Quixós	4ª Copa Galega de Promoción Slalom - Trofeo Concello de Monforte	22 de xullo	Río Cabe - Malecón
Concello de Monforte - R.C. Celta de Vigo	XVII Campus de Fútbol Cidade de Monforte	31 de xullo - 4 de agosto	Campo Municipal de Fútbol Luis Bodegas
Club de Tiro Olímpico Cabe	Torneo de Tiro Festas Patronais	5 - 6 de agosto	Galería de tiro As Lamas
Club Pesca Río Cabe	Concurso de pesca de ciprínidos	6 de agosto	Vilasouto
A.D. Río Cabe Golf	Torneo de Golf Concello de Monforte	11, 12, 13, de agosto	Club de Golf Río Cabe
Club Lemos	Torneo de Fútbol Festas Patronais	15-ago	Campo Municipal de Fútbol da Pinguela
Club Korbis	Torneo de Volei Praia do Cadrado 2022	18 - 25 agosto	Parque dos Condes
C.P. Calasancio	Torneo de Fútbol Xuvenil Memorial Xacobo	19 de agosto	Instalacións Deportivas Alex Blanco - Escolapios Monforte
C.V. Ribeira Sacra Monforte	X Campus de Voleibol Ribeira Sacra	21 - 25 de agosto	Pavillón dos Institutos e Club Fluvial
C.P. Calasancio	Torneo de Fútbol Base	23 de setembro	Instalacións Deportivas Alex Blanco - Escolapios Monforte

A Pegada de San José de Calasanz en Monforte de Lemos

Pablo Blanco Losada

Director del Real Colegio Padres Escolapios



A orde relixiosa dos Padres Escolapios de Monforte está de aniversario neste 2023. Cómprese un século e medio facéndose cargo do ensino e acompañamento dos moitos alumnos e alumnas que pasaron polo Real Colexio Padres Escolapios, título recentemente recuperado. Foi Carlos III quen, trala expulsión dos Xesuítas, asumiu o colexio baixo a protección real coa denominación de Real Seminario. Posteriormente Fernando VII, en 1826, cambiaría o nome polo de Real Colegio de Humanidades.

É o propio cardeal Rodrigo de Castro, fillo de Beatriz de Castro, terceira condesa de Lemos, e de Álvaro Osorio de Zúñiga quen encomenda aos Padres da Compañía de Xesús a construción do colexio e que nel “se enseñe a leer, escribir, gramática; retórica y artes; y, a ser posible; hay una lección de casos de conciencia; o sea, teología moral; en beneficio de los naturales de la villa de Monforte de Lemos; de sus arrabales y condado y además comarcanos que quisieren deprender e oyr”. Dito labor lévano a cabo durante 174 anos ata que, en 1767, son expulsados de España por Carlos III (concretamente deixan o edificio o 4 de abril ás nove da mañá).

Desde a saída dos discípulos de Ignacio de Loyola ata que os Escolapios son chamados polo apoderado do duque de Alba para facerse cargo do edificio e as escolas, o colexio pasa por diferentes etapas. Primeiramente, por orde de Carlos III, convértese en Real Seminario. En 1809, durante a Guerra de

Independencia, o colexio sofre unha gran deterioración e un notable descenso de alumnado. Un ano máis tarde é declarado Colexio Nacional e en 1822 pasa a ser Universidade Provincial de Segundo Ensino. Recuperará o título de Real Seminario en 1823. O 19 de outubro de 1825 é declarado Centro Real Colexio de Humanidades e Belas Letras para, máis tarde denominarse, brevemente, Instituto Local de Segundo Ensino e logo Instituto Provincial de Primeira Clase.

En 1862, agora como Instituto local, entra nunha progresiva decadencia que levará, mesmo, á súa clausura. Das xestións de José Guitián y García coa Casa de Alba (co apoderado do entón duque de Alba, Jacobo Luís Fitz-James Stuart), sairá o acordo para a vida dos Padres Escolapios. Así, desde o 31 de xaneiro de 1873 ata os nosos días, recibe o nome de Colexio dos Padres Escolapios da Nosa Señora da Antiga de Monforte de Lemos (neste 2023 e grazas ás xestións do Titular P Javier Agudo coa Casa do Rei, recupérase o título de Real Colexio). En marzo chegan os primeiros sacerdotes. O 1 de outubro de 1873 inaugúrase o primeiro curso, baixo o reitorado do P. Manuel Mendía, nomeado tamén capelán maior das Clarisas. Os Escolapios acometen diferentes obras no edificio encamiñadas a adaptalo a vivenda dos relixiosos e a habilitar as aulas. Entre os primeiros reitores do Colexio habemos de destacar ao ourensán padre Faustino Míguez, botánico, médico e pioneiro da educación da muller, fundador da Congregación de Fillas da Divina Pastora (Calasancias). Hoxe é santo e está canonizado.

Os Escolapios inician a súa historia grazas a José de Calasanz (1557-1648) que, prestando atención a uns nenos indefensos e sen escola, deixouse sorprender e cativar por eles. A partir desa experiencia vivida decidiu centrar a súa vida de sacerdote en crear en Roma as primeiras escolas tal e como hoxe as concibimos (escola popular e gratuíta). Escolas populares que, ben organizadas e con educadores cualificados, se dispuxeron a educar en “Piedade e Letras”, en “Fe e cultura”. Algo moi similar ás escolas unitarias tan características de moitas poboacións. Ese ideario transmíteno aos milleiros de alumnos e alumnas que se formaron neste colexio (no curso 1968-69 chegou a haber 803 alumnos dos cales, 271 eran internos). En 1985 chegan cambios importantes. Suprimese o internado, quedan só externos e medio pensionistas (usuarios de comedor escolar) e, ademais, o colexio pasa a ser mixto.

A formación deportiva sempre foi de gran relevancia para os Escolapios, por considerala como un medio máis para lograr a educación integral do alumnado. As súas instalacións deportivas son coñecidas por todos. Algunhas desapareceron como as pistas de atletismo ou o frontón do “campo de area”. Campos de fútbol viron nacer ao Club Polideportivo Calasancio que no 2019 celebrou o seu primeiro medio século de andaina.

A Igrexa de planta xesuítica do colexio, pola súa situación privilexiada, segue dando un servizo desinteresado á cidade de Monforte, a pesar de non ser nunca parroquia. Hoxe podémola contemplar coas súas obras de arte recentemente restauradas e cunha nova iluminación recentemente inaugurada, que realza o seu valor patrimonial respectando o litúrxico.

Son moitos os relixiosos que pasaron polo Colexio traballando e colaborando no labor educativo. Entre eles hai que facer especial mención do Padre Esteban Martínez, considerado toda unha institución nas aulas e un precursor do que na actualidade denominamos educación patrimonial. Grazas a el hoxe podemos coñecer unha boa parte da historia do colexio dos Padres Escolapios. Un traballo do que é continuador o Padre Javier, poñendo en valor a Fundación Colexio A Nosa Señora da Antiga, inscrita polo propio Cardeal, en 1593.

Na actualidade o colexio é concertado e imparte as etapas educativas de infantil, primaria e secundaria. Os seus preto de 550 alumnos e alumnas están atendidos por case 40 profesores/as e un relixioso, o Padre Eladio Rodríguez, docente e Reitor da Comunidade Relixiosa.

Monforte é sinónimo de deporte. Si, unha afirmación categórica, que pon de manifesto a importancia que ten o ámbito deportivo no día a día da nosa cidade. Reitero o que xa teño comentado: o deporte local é o auténtico embaixador da cidade e da Ribeira Sacra. Os nosos equipos levan o nome da Cidade do Cabe non só por Galicia, senón tamén por España e polo mundo.

Hai talento, compromiso e moito traballo de deportistas, adestradores e directivos. Contan co respaldo económico das administracións, dos socios, de casas comerciais e de empresas para sacar adiante os seus proxectos. E aquí non quero esquecer o esforzo das familias, que día tras día acompañan aos seus fillos e fillas aos adestramentos, e aos partidos.

A disposición de todo este talento, as administracións, especialmente a municipal, poñen todos os recursos posibles. No capítulo de axudas a clubs, o Concello de Monforte achega este ano un total de 115.040 euros e á partida para deportistas individuais ascende a 10.000 euros. Todo isto supón un incremento do 40% con respecto ao ano pasado. Tamén existe outra partida de axudas para os clubs pola súa participación en campionatos de España, europeos e mundiais, que ascende a 12.000 euros.

A estas axudas hai que engadir as instalacións, que son modélicas e despertan a enveja sana dos que veñen competir a Monforte. En definitiva, a unión de todos os estamentos do deporte local fai que continúen chegando medallas e títulos. Polo que permítanme que defina esta época como «A Idade de Ouro do Deporte Monfortino».



Inicio a análise polo piragüismo, que a través do Quixós triunfa en Galicia, en España, en Europa e no mundo. O traballo de Santi Díaz e o seu equipo dá os seus froitos. Hai presente e hai un futuro máis que prometedor. Non quixera personalizar, pero permítanme que fale de Noa Díaz, que é, sen dúbida, unha das piragüistas con maior proxección do piragüismo español.

A un nivel similar está o taekwondo. O Neka suma todas as fins de semana medallas e conta cunha ampla representación de taekwondistas na selección española. Os seus deportistas xa saben o que é conquistar medallas nun mundial. Se o presente é moi positivo, o futuro será espectacular. Aquí tamén hai canteira.





No apartado futbolístico toca felicitar ao Lemos polo seu centenario. Xa son cen anos deste clube histórico do fútbol galego, que non fixo a súa mellor tempada, pero logrou o obxectivo da permanencia. A aposta pola canteira e polos futbolistas da comarca serán o sinal de identidade do equipo de cara a vindeira tempada. E si, chegarán eses actos do centenario.

A canteira está perfectamente representada polo Calasancio e polo Monforte. Entre os dous clubes suman máis de medio millar de futbolistas. O clube estudantil conta con tres equipos nas ligas galegas, clave para a evolución de xogadores, que agora si son aproveitados polo Lemos. Xaera hora!.

O Monforte, que naceu como alternativa, está plenamente consolidado. Suma unha década de formación. Agora busca dar un paso máis, que pasa por levar algún equipo a liga galega.



A canteira do voleibol español segue en Monforte. O número de rapaces e rapazas que mobilizan Ribeira Sacra e Korbis —superan os 300— e os seus éxitos así o demostran. A traxectoria do Korbis é para enmarcar. Esta tempada clasificou a cinco equipos para os campionatos de España. Non fai falla dicir máis nada. Os números dino todo.



En baloncesto, O Val de Lemos fai unha labor impresionante. É todo un exemplo, e co paso dos anos continúa medrando. Conta cunha canteira de moito talento e con adestradoras e adestradores dun gran nivel.



A ximnasia rítmica ten dous nomes propios: Kendra e Quicela. É unha das modalidades que máis medrou nos últimos tempos. O nivel de esixencia é máximo, e iso tradúcese na consecución de numerosas medallas todas as fins de semana en todas as categorías.



No atletismo, Saleta Fernández, xa recuperada das súas lesións, volta ao seu nivel, e así o atestiguan os seus campionatos de España. Ten todas as papeletas para ser a primeira monfortina en competir nuns Xogos Olímpicos. París 2024 é o obxectivo.

O Clube A Gándara segue coronando aos seus atletas nos cumios máis altos: María Cedrón, Carlos López, Paloma López, Iker Codesido son algúns dos atletas que destacan. E constitúen o perfecto espello para os que veñen detrás.

O Monteforte continúa coa súa aposta polo fútbol feminino. Cada vez son máis as nenas que se inclinan por esta modalidade. E non quero esquecerme do CN Monforte, un referente da natación galega. Como poden observar, o deporte ten protagonismo da vida social dos monfortinos. Dende cativos a través do deporte escolar, os nenos xa se inician na actividade deportiva, que é fundamental na formación integral. Facer deporte non só e gañar, senón que se trata de adquirir valores. E, por suposto, deporte é igual a saúde.

A miña felicitación a clubes e deportistas polos seus éxitos e por darnos alegrías cada fin de semana. Continuando nesta liña aínda chegarán máis éxitos e seguirán facéndonos felices.

Por certo, en poucos meses contaremos cun pavillón da Pinguela totalmente remozado. Era de xustiza. Para deportistas que están na excelencia necesitamos as mellores instalacións. De todos os xeitos, hai que seguir dando pasos, porque fan falla máis instalacións.

Aproveito para desexarlle a todos os nosos deportistas e clubes

BOAS FESTAS

Monforte: saneamento e calidade medioambiental.

José Antonio Quiroga Díaz

Presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Monforte ocupa un lugar central no val de Lemos, depresión tectónica do río Cabe e os seus afluentes, rodeada por estribacións montañosas ao leste, norte e poñente e polos canóns do Sil ao sur.

A cidade con 18.081 h. en 2022, articula socioeconomicamente o sur da provincia de Lugo e logo de deixar de ser, a mediados do s. XX, o nó ferroviario por excelencia de Galicia, está en proceso de transformación como capital da Ribeira Sacra, centro de servizos e pulso laboral ao calor de novas actividades ubicadas no polígono de O Reboredo.



O desenvolvemento da trama urbana ten nun adecuado saneamento un dos seus piares fundamentais para conquistar un desenvolvemento harmónico e compatible co medioambiente. Aínda que as competencias en saneamento son municipais, a través de convenios, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil colabora na súa mellora dado que este tipo de actuacións teñen como obxectivo mellorar a calidade das masas de auga que si son unha das súas competencias.

A presenza do río Cabe e de regatos (Río Seco, Malloadas, Zapardiel, Arroxo. . .) teñen un efecto directo e con consecuencias non desexables no sistema de saneamento monfortino ao infiltrarse na rede de colectores o que provoca un exceso de caudal na depuradora (para o cal non está deseñada), este exceso motiva unha distorsión importante no seu funcionamento ao non estar preparadas para o tratamento de augas limpas. Esta circunstancia xunto ao desgaste, roturas ou planificación inadecuada da rede, son un grande reto que afronta Monforte nesta materia.

Son recurrentes as protestas e alarmas que de cando en vez supoñen certos vertidos ao río Cabe, nomeadamente en caso de tormenta e no verán. Desde a Alcaldía, conscientes da problemática que supón a falla de modernización no sistema de saneamento do casco urbano e da insuficiencia do sistema de depuración do polígono de O Reboredo, solicitaron á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) a colaboración para a mellora do saneamento, froito desas conversas puxo en marcha esa colaboración institucional que se leva substanciando en 4 convenios asinados cun importe global de 9.048.991 €, dous deles xa concluídos e coas obras entregadas e os outros dous en proceso para a súa licitación.

O primeiro convenio por un importe de 1.400.000 € foi o proxecto construtivo na rede de saneamento das rúas de Stª. Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo que se rematou e entregou o ano 2022. Esta obra foi sufragada pola Deputación de Lugo nun 35%, a CH con outro 35% e o Concello con un 30%.

O segundo convenio que se puxo en marcha, executado e entregado foi o de “ Actuacións ambientais e recuperación da conectividade do río Cabe na Pinguela” cun custo final de 648.991 €, obra rematada a finais do 2022 e que segundo se entregou resultou afectada polas enchentas de finais de ano, xa reparadas entre marzo e maio deste ano. Esta foi unha obra que nada tivo que ver co saneamento, pero dunha grande relevancia medioambiental que recuperou o vello cauce do río, eliminou a presa de formigón existente e adecuou o entorno para disfrute dos veciños dándolle continuidade a unha gran área verde. A obra foi sufragada pola CH ao 100%

O terceiro convenio por valor de 2.400.000 €, que tamén incluía o estudo de alternativas para o saneamento integral de Monforte e unha primeira actuación para a retirada de augas limpas dos colectores que provocan alivios recorrentes ao río á altura do parque dos Condes. A obra da modernización destes colectores está en proceso de licitación. A financiación recae nun 80% na CH e o outro 20% no Concello de Monforte.

O cuarto convenio asinado en marzo do 2023 é o de construción dunha nova EDAR para o polígono de O Reboredo cun importe de 4.600.000 € coa cal se rematarán os vertidos ao regato do Carballo, quedará preparada unha infraestrutura capaz de depurar con garantía os vertidos actuais e os do futuro para permitir a posible ubicación de novas industrias e actividades no polígono de Monforte. Na actualidade estase iniciando o procedemento de licitación que logo de superar os trámites administrativos prevese que se poida licitar a finais de ano. A CH aportará o 85% do custo final da obra.

A maiores a CH leva posto en marcha outras pequenas actuacións en Monforte como o arranxo dos muros na ribeira do Cabe ou no rego das Malloadas por citar só as construtivas.

As actuacións no saneamento, son clave para o desenvolvemento da actividade socioeconómica e fundamentais para o futuro de Monforte; conscientes da necesidade de modernizar e adecuar o sistema de saneamento, a Confederación Hidrográfica e a Alcaldía teñen como prioridade a modernización do sistema para facelo respectuoso co medioambiente e a sostenibilidade. Fíxose un estudo de alternativas para arranxar o problema e froito deste temos unha estimación do custo total que se eleva a 24 millóns de euros (dos cales hai que restar os 8´4 millóns gastados e/ou comprometidos co que se leva feito nesta materia); para lograr este obxectivo acábase de incluír a petición a fondos europeos, en concreto no próximo plan FEDER, para buscar financiación que axude a facer realidade o saneamento integral do casco urbano de Monforte.



O Centro de Competencias Dixitais e Ciberseguridade ferroviaria de Monforte de Lemos, una oportunidade esperanzadora de fixar poboación na cidade

José Luis Cachafeiro Vila
Director Xeral de operacións de RENFE e Presidente de LogiRAIL

O pasado 31 de marzo de 2023, acompañado polo Alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé Roca, e polo Director Xeral de LogiRAIL, Óscar Gómez, procedimos a inaugurar na cidade do Cabe, o novo Centro de Competencias Dixitais (CCD), especializado en Ciberseguridade ferroviaria e que é pioneiro en Europa e único en Galicia. Un Centro que nace para detectar, analizar e corrixir incidentes de ciberseguridade, utilizando as solucións tecnolóxicas máis avanzadas da industria.



Sen dúbida, isto supón un fito na historia recente ferroviaria de Monforte e da comarca de Lemos, e en especial, coma monfortino que son, estou moi satisfeito de poder ter contribuído a que este CCD se instalase na miña cidade.

O CCD está ubicado na rúa Muíños de Antero, nun local de case 600 m², e nel desenvolveranse operacións de seguridade, reunión e formación, estando previsto que no futuro poida ser a base para a creación e desenvolvemento dun Clúster Empresarial de Ciberseguridade aplicado ó sector ferroviario europeo.

Un centro no que o seu persoal especializado, altamente capacitado con certificados en ciberseguridade OT/IoT/IT terá por obxectivo detectar, analizar e corrixir incidentes de ciberseguridade, utilizando as solucións tecnolóxicas máis avanzadas da industria.

A inversión de RENFE e LogiRAIL neste proxecto é certamente importante xa que alcanza o 1 millón de euros, e contempla unha adxudicación de 3 millóns de euros prevista en 3 anos.

Pero ademais, este CCD constitúese coma unha oportunidade única na creación de postos de traballo e na fixación de poboación na cidade de Monforte. En concreto, a previsión durante o período de 2023-2025 é de incorporar entre 35 e 40 profesionais altamente preparados e cualificados, co horizonte de chegar ós 100 postos de traballo, segundo se vaian implantando no mercado os novos servizos ofertados por este centro de referencia.

As negociacións entre RENFE, LogiRAIL e o Concello de Monforte, nas que cabe destacar as xestións do Alcalde por acadar a instalación deste Centro de operacións de ciberseguridade na cidade, fixeron que incluso se adiantaran os prazos para a posta en marcha do proxecto e a entrada en

servizo do mesmo en marzo deste ano 2023, xa que nun principio estaba previsto que esta apertura se producira a finais de ano.

O CCD responde ademais á estratexia do reto demográfico do Goberno de España a través do seu plan de deslocalización de recursos do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda, que Renfe materializou con unha estratexia de posta en marcha de varios centros de recente creación.

Ademais, esta estratexia responde á actualización do del Plan Estratégico de RENFE, que ten como metas impulsar a eficiencia tecnolóxica, acelerar a transformación dixital da compañía e situala no coñecemento e aplicación de tecnoloxías dixitais claves no escenario de liberalización ferroviaria.

E volvo a incidir, en que este novo Centro constitúe unha oportunidade moi importante de creación de emprego, xa que a actualidade reclama que se teña que avanzar cada vez máis nos sistemas de seguridade da empresa, para evitar ataques indesexados.

A crecente ameaza da ciber-delincuencia e doutras ciber-ameazas obriga a dispoñer dun servizo de apoio de moi alta cualificación técnica, especialización, gran capacidade de adaptación e unha dispoñibilidade horaria total, aspectos todos eles ós que da resposta o novo CCD de Monforte.

Neste senso, o CCD responde á estratexia de internalizar e trasladar parte dos servizos centrais de Renfe Operadora a localidades de baixa densidade demográfica, nas que dispón de espazos portratarse de enclaves de especial relevancia ferroviaria, como é Monforte.

E tamén contribúe ó fomento de oportunidades de emprego de calidade, á formación de perfís demandados polo mercado e ó desenvolvemento da actividade tecnoloxía.

Este CCD nace en Monforte nun momento de prosperidade para a cidade, contribuíndo así a consolidar iniciativas pioneiras que xeran un emprego de calidade, e que servirán, estou seguro, para asentar poboación na Capital da Ribeira Sacra. O presente é unha realidade, e o futuro aínda que está por escribir, é prometedor.

Finalmente aproveitar estas páxinas deste programa de festexos, no que me sinto honrado de colaborar, para desexarlle a todos os monfortinos e monfortinas, así como a quen visite nestes tempos a cidade de Monforte, unhas moi felices Festas Patronais.

O Lemos C.F.: os seus predecesores e orixes.

Por Felipe Aira Pardo



Corría o ano 1911 cando un grupo de veciños funda o “Monforte Sport Club”. En realidade era unha especie de reorganización do denominado “Ximnasio monfortino” ou o que é o mesmo, a primeira sociedade de atletismo da poboación, cuxos inicios se remontan ao ano 1909.

O primeiro presidente honorífico foi Antonio Méndez Casal, o fundador da mencionada sociedade.

Segundo as crónicas da época os domingos había un partido de fútbol entre o “Monforte Sport Club” e “El Vitoria”, o equipo de estudantes formado a base de alumnos internos do colexio do Cardeal.

Pendentes de constituír a “Junta de Damas”, o “Sport Club” pensaba na organización dunha festa e con tal motivo convidar un club balompédico de renome para enfrontarse a el no campo de xogo duro e areoso, é dicir, a chaira de terra existente fronte ao colexio dirixido polos Escolapios.

Segundo as noticias daqueles anos, a aliñación máis antiga que se coñece do equipo “embrión” do Lemos foi a formada con motivo de disputar o segundo partido do “Sport Club” e estaba formada por Luís Rodríguez Méndez Núñez (co paso dos anos, presidente do Lemos, -ano 1929-), Pedro Taboada, Román Piñeiro, José Siso, Pepe Cubano, Paco Roldán; Jaime Castro Artime, Valdés, Juanito Maestro, Pedro Losada e Valdés (A).

Afirmábase que era unha sociedade ben organizada, con todo, xorden problemas que levan á desaparición do “Sport Club”, que é substituído polo “Club Alfonso”, no ano 1912, administrado polos propios xogadores, con criterio e boa orde. Lamentablemente non chegou a sintonizar coa sociedade local, chegando soamente ao dezaioito asociados e sete pesetas de entradas mensuais. O “Club Alfonso”, onde destacaban os xogadores Álvaro, Artime, Celeiro ou Albino, entre outros, acabaría desaparecendo.

E chega o momento do “Galaico S.C.”. O que nos indica o estudado sobre o tema en cuestión é que se ían superando as deficiencias daqueles primeiros equipos de fútbol monfortino que foran causa a súa desaparición.

O “Galaico S.C.” tiña as camisetas branquiazuis e sobre o corazón estaba a TAU, símbolo actualmente conservado e esculpido nas edificacións máis antigas monfortinas desde hai máis de cincocentos anos.

O “Galaico S.C.” non se dobregaba nos seus partidos disputados en Lugo e Ourense, no campo do “Montirón” ou no campo de “Aragón”, e despregaba un meritorio pundonor que sempre deixaba no alto o bo nome de Monforte de Lemos. Terreos de xogo caleados para enmarcar o rectángulo onde disputar o balón. Separando as liñas do campo circunscrito con cadeiras, amontoábanse unha multitude de espectadores. Aquí podemos lembrar a Yáñez, Pelado, Milucho, Pereira ou Ramoné...que cimentaron esa rivalidade nos apaixonantes enfrontamentos entre o Lemos e o Lugo.

O “Galaico S.C.”, por cuestións alleas ao deporte, desaparece no ano 1919.

Durante os anos de existencia do “Galaico S.C.”, alá polo ano 1914, na cidade do Cabe había outros equipos de fútbol, o “Monforte Athletic” ou o “Monforte Club”, do que só se conservan algunhas noticias do ano 1914. Os dous clubs foron de vida fugaz. O “Monforte Athletic” orixinase dunha escisión do “Galaico S.C.”

Esta circunstancia deixaba en evidencia que o obxectivo era conseguir unha fusión dos diferentes equipos de fútbol con que contaba a poboación monfortina para que os escasos medios económicos existentes fosen máis produtivos de cara a conformar un equipo forte.

Aínda que no ano 1922 se realiza a acta fundacional do “Lemos F.C.”, co insigne monfortino José



José Ibáñez Fernández.
(Colección Felipe Aira Pardo, cedida por Soidade Bordás)

Ibáñez Fernández como Presidente fundacional, o certo é que, na práctica os dous equipos que se fusionan e dan vida ao “Lemos Club”, o “Monforte F.C.” e o “Athletic F.C.”, seguían xogando partidos no ano 1923.

En xuño de 1923 disputouse un partido de fútbol entre o “Monforte F.C.” e o “Athletic” no campo da Compañía.

O 15 de agosto de 1923, no campo das Lamas, dispútase o partido entre o “Monforte F.C.” e o “Royal” de Ourense. O día elixido para o enfrontamento deportivo era de celebración local, dunha festa mariana aquí na nosa terra vinculada coa patroa da localidade, a Virxe de Monserrat.


O 9 de outubro de 1923, con motivo da celebración da “Copa Alborada”, equipos de Galicia e Asturias disputan partidos e ao terminar este campionato, o “Athletic F.C.” ingresaría na Real Federación.

O 24 de novembro de 1923 hai un partido entre o “Monforte F.C.” e o “Athletic F.C.”, a final da copa “Alborada”.

En data 21 de febreiro de 1924 lemos en crónicas da época que as forzas futbolísticas de Monforte de Lemos se propoñen fusionar as sociedades “Athletic F.C.” e “Monforte F.C.” e formar un equipo de selección que se chamará “Dactonio F.C.” en alusión ao “Castro Dactonio” capitalidade dos Lemavos, o pobo celta que dominaba a comarca de Lemos ata a chegada romana e que tiña a súa capitalidade no monte de San Vicente. O 24 de abril de 1924 publícase que tres días antes, no Teatro Principal, se celebrou unha asemblea para a aprobación do regulamento da nova entidade e elección da Xunta Directiva con carácter definitivo da nova “Sociedad de Cultura Física Lemos Club”.

Presidente: Ramón Taboada Zúñiga Vicepresidentes: Xullo R. Lecea e José Ibáñez Fernández; Secretario: Francisco Álvarez; Vicesecretario: Luís Pardo; Tesoureiro: Emiliano Pérez; Vogais: Miguel Allué, Ricardo Taboada, Antonio G. Méndez; e Manuel Hermida.

Un dos primeiros temas a tratar foi sobre o arranxo do campo de deportes que se acababa de adquirir pola nova sociedade. Tratábase do “Stadium” situado na coñecida por aquel entón Estrada de Ourense, hoxe rúa Ourense.



Ano 1929. (Colección Felipe Aira Pardo).
Na parte inferior da foto vese unha boa parte do “Stadium”.

Na inauguración do novo campo de fútbol “Stadium”, en data 17 de maio de 1924, bendí o campo o Abade mitrado de San Vicente do Pino. O saque de honra realizao a moza monfortina Maruja Roldán. O partido enfrontou ao Real Club Celta de Vigo e ao Lemos Club, perdendo os locais por 4-0. O Celta contaba con xogadores como Lillo, Pasarín, Queralt, Reigosa, Pinilla...; algúns das cales vestirían pouco tempo despois a camiseta da selección nacional. O Club Celta de Vigo e o Lemos Club pisan nesta data por primeira vez o céspede do primeiro campo de deportes monfortino.

O 11 de xuño de 1924 mídense no terreo de xoga a “Unión” da Coruña co “Lemos Club”. O Lemos xoga de morado e os coruñeses de negro e amarelo.

Todo o que vén despois xa é gloria da historia recente.

Medio século da declaración de Monforte como conxunto histórico

Luis Díaz e Francisco Albo. Xornalistas de La Voz de Galicia

Foto: Carlos Rueda



O 22 de febreiro deste ano cumpriuse medio século desde a publicación do decreto polo cal a zona antiga de Monforte pasou a ser declarada conxunto histórico-artístico de interese nacional. A disposición recollida ese día polo Boletín Oficial del Estado levaba as sinaturas do entón xefe do Estado, Francisco Franco, e do ministro de Educación, José Luis Villar Palasí, pai da reforma educativa que trouxo consigo a implantación da EGB e do BUP. O decreto incluía unha delimitación do conxunto histórico monfortino e as directrices relativas á súa tutela por parte do Estado.

Esta última competencia quedaba en mans da Dirección General de Bellas Artes e do Ministerio de Educación y Ciencia. Este organismo foi facultado polo decreto para ditar todas as disposicións que fosen necesarias para o seu desenvolvemento e execución. A tutela estatal, porén, non foi tan eficaz como se podería esperar polo valor que se outorgaba ao conxunto histórico de Monforte.

A extensión da zona antiga —próxima ás 58 hectáreas— e a ausencia doutros mecanismos de regulación propiciaron que a área protexida pola delimitación sufrise verdadeiros abusos urbanísticos nesa mesma década.

Se Monforte conserva aínda mostras abundantes das súas tipoloxías construtivas tradicionais foi en boa medida grazas á entrada en vigor da Lei do Patrimonio Histórico Español do ano 1985 e ao posterior desenvolvemento dunha normativa autonómica. O plan especial de protección do conxunto histórico de Monforte, documento de competencia municipal, non foi aprobado ata abril de 2021.

O decreto estatal promulgado hai medio século fai referencia á fundación de Monforte no ano 1047, da man de Froilán Díaz, conde de Astorga, do Bierzo e de Sarria. A poboación principal tomaría corpo arredor do ano 1104, cando se converteu en cabeceira dun condado ao que se foron incorporando máis tarde outros señoríos. «Do seu pasado histórico —sinala o documento— conserva esta fermosa cidade abundantes testemuños como o castelo e as súas murallas, que no seu tempo foi fortaleza inexpugnable e destacado baluarte medieval».

A declaración de conxunto histórico nacional aludía ademais expresamente ao valor patrimonial do antigo palacio condal, do mosteiro de San Vicente do Pino —ambos edificios pertencen actualmente ao Parador de Monforte—, a igrexa de Santa María da Régoa, o convento de Santa Clara, a ponte vella do río Cabe e o Colexio da Compañía.

Unha liña vermella delimitaba as partes da zona antiga máis próximas a eses monumentos e unha raia azul marcaba a denominada «zona de respecto» —que foi modificada no 2005—, coincidente co perímetro da área protexida.

As axudas á rehabilitación de vivendas que comezaron a concederse hai vinte anos no entorno da muralla medieval, e que despois foron ampliándose á zona extramuros, propiciaron a recuperación dun elevado número de edificacións no conxunto histórico. O avanzado estado de deterioración dalgunhas das construcións máis singulares é a outra cara da moeda. Moitas delas foron adquiridas por particulares ou pasaron a mans de entidades bancarias que agardan compradores sen que entrementes se levasen a cabo as tarefas mínimas de mantemento desas edificacións.

Por outro lado, as rehabilitacións impulsadas pola administración autonómica e destinadas á creación de vivendas sociais no ámbito do conxunto histórico de Monforte foron moi escasas en comparación cos proxectos que se executaron noutras localidades galegas.

A opinión dun experto

O autor do libro *«Murallas, torres y puertas de las fortificaciones monfortinas»* —publicado o pasado verán pola editorial La Rectoral—, Jorge Vila Alonso, viviu dunha forma moi directa e desde diferentes ópticas o devir máis recente do conxunto histórico de Monforte.

Ademais de investigador, foi un dos promotores da asociación Amigos do Patrimonio de Lemos e traballou durante anos como técnico na oficina municipal de rehabilitación. Ao seu xuízo, manter o uso residencial das zonas históricas é en xeral difícil debido a que para a maioría da xente é máis cómodo vivir noutros lugares. «As casas antigas adoitan ser máis estreitas, non teñen ascensores, hai elementos de carpintaría de madeira que preservar...», apunta. Na actualidade —agrega—, as axudas oficiais para a rehabilitación de vivendas son importantes, pero non sempre foi así.

Vila sinala por outra parte que no caso de Monforte, a estas dificultades súmase a singularidade das dimensións do seu conxunto histórico, con case 58 hectáreas de superficie e 1.787 edificacións.

«Xestionar todo iso é moito máis difícil que noutras zonas históricas moito máis pequenas», comenta.

O decreto do 22 de febreiro de 1973, ao seu xuízo, non foi moi eficaz no que respecta á protección da zona histórica. Inmediatamente despois de ser aprobado o documento, esa parte da cidade padeceu unha grave deterioración. «Fixéronse edificios de catro e cinco andares no seu perímetro», apunta a este respecto Jorge Vila. «Monforte viviu nesa época unha verdadeira febre da construción especulativa que non se axustaba ás necesidades reais de vivenda», engade.

Outra cuestión importante, ao seu parecer, é que no conxunto histórico de Monforte non se implantou unha zona de transición. Un exemplo diso, precisa, é a rúa do Conde, con casas de baixo e un andar, flanqueada por outra rúa con edificios de seis alturas. As fotografías da cidade da década de 1950, na súa opinión, mostran o que se perdeu nos anos da febre construtora a pesar do decreto de 1973.

«Nesa época existía unha escala de alturas dos edificios que merecía ser conservada», afirma.



Monforte de Lemos



- Hospital - Centros de Saúde
- Xulgados
- Zona Verde - Parque
- Estación de Autobuses
- Casa do Concello
- Casa da Cultura - Biblioteca
- Información - Turismo
- Escolas - Institutos
- Piscina Municipal
- Instalacións Deportivas
- Campos de Fútbol
- Comisaría de Policía
- Correos

Teléfonos de interese

Concello de Monforte	982 402 501
Oficina Municipal de Turismo	982 105 303 - 982 404 715
Casa da Cultura	982 404 404
Edificio Multiusos	982 403 893
Policía Municipal	982 400 264 - 609 290 000
Servizos Sociais do Concello de Monforte	982 416 541
Área Polideportiva da Pinguela	982 403 150
Piscina Municipal	982 403 809
Centro de Información á Muller	982 416 350
Oficinas Municipais de Información ao Consumidor	982 875 126
Aqualia (Servizo Municipal de Augas)	982 400 009
Unidade Asistencial de Drogodependencias	982 400 495
Residencia da Terceira Idade	982 410 211
Urxencias	112
SOS Galicia	900 444 222
Hospital Comarcal	982 417 900
Urxencias médicas	061
Centro de Saúde	982 404 712 - 982 416 334
Ambulancias Salutrans	982 202 771
Unidade de Saúde Mental	982 404 611
Centro de Orientación Familiar	982 401 612
Servizo de información e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero	016
Teléfono da Muller 24 horas (permanente e gratuíto)	900 400 273
Instituto Nacional da Seguridade Social	982 411 300
Policía Nacional	982 402 245 - 091
Garda Civil	982 402 239
Garda Civil de Tráfico	982 402 017
Garda Civil EMUNE (Equipo da muller e do neno)	062
Xulgado de 1º Instancia e Instrución nº 1	982 889 367 - 982 889 371
Xulgado de 1º Instancia e Instrución nº 2	982 889 382 - 982 889 384
Fiscalía	982 889 395
Notaría	982 401 683
Rexistro Civil	982 889 389
Rexistro da Propiedade	982 401 238
Oficina de Emprego	982 828 700
Facenda	982 403 761
FENOSA atención ao cliente	900 100 251
Repsol Butano avarías	901 121 212
Correos e Telégrafos	982 402 468
Estación de Autobuses Monforte	982 402 694
Estación de Ferrocarril Monforte	912 320 320
ADIF Administrador de Infraestruturas Ferroviarias	912 432 343
Parador Nacional	982 418 484
Inspección Técnica de Vehículos	902 309 000
Parada de taxis (Cardeal)	982 401 435
Parada de taxis (Estación)	982 401 002
El Progreso	982 403 400
La Voz de Galicia	982 416 014
Onda Cero Monforte	982 418 243
Radio Principal Cadea SER	982 400 512
En Común Monforte e Comarca	982 412 129



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS



DEPUTACIÓN
DE LUGO

PLAN ¹ÚNICO 2023
PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE
COOPERACIÓN COS CONCELLOS
DA DEPUTACIÓN DE LUGO



GADIS